

Informe sobre o topónimo *Balarés*

A grafía oficial do topónimo *Balarés* está establecida pola Orde da Consellería de Presidencia do 10 de xullo de 2001 (DOG do 20 de xullo, nº 141, p. 9920),. Con ela corrixiuse a grafía *BALARES* (sen acento) que viña figurando nos Nomenclátore oficiais do século XX. *Balarés* é a forma que figura no vixente *Nomenclátor de Galicia* de 2003.

Na escolla de B ou V séguese o criterio etimolóxico, cando os topónimos teñen correspondencia no léxico común. Nos topónimos opacos prefírese manter a grafía consolidada pola tradición, a menos que obedeza a interferencia do castelán, mesmo naqueles casos en que contradí a etimoloxía coñecida (*Brea, Trives, O Grove...*).

Aténdose a ese criterio, a Comisión de Toponimia mantivo a grafía con *B* para o topónimo *Balarés* por consideralo opaco e porque esa grafía viña sendo a usual na tradición escrita nos últimos séculos. Rexístrase como *Balarés* no mapa de D. Fontán (1834), no *Diccionario Geográfico* de P. Madoz (1845), no *Derrotero de Costas de L. Bayo* (1896) e tamén con *B-* en todos os nomenclátore oficiais españois desde o do ano 1910.

Este Seminario de Onomástica da RAG pode, en cambio, dicir unha palabra verbo da orixe deste topónimo (que, como queda dito, non ten por que condicionar a grafía). O solicitante dá por certa unha hipótese etimolóxica **valle arenense* e, en apoio dela, achega imaxes dun manuscrito do século XVIII que copia un documento de Almerozo do ano 1591, en castelán, que inclúe o traslado dun texto en latín do ano 1236 onde se rexistra o topónimo como *Valaris*. Pero esa atestación non ten o significado que lle atribúe o solicitante, pois non é propiamente medieval, senón copia tardía; e pouco valor probatorio pode ter nela unha grafía con *V* cando no rexesto en castelán que precede a transcripción do texto latino tamén se le *Vergantiños* en lugar de Bergantiños. Ademais, no caso de aceptar ese *Valaris* como atestación fiable de 1236, non só non se confirmaría a mencionada hipótese etimolóxica senón que a contradiría: nun composto de *vallem* esperaríase en latín a grafía *LL* nese substantivo (como sucede con *in valle de Almerozo* no mesmo texto) e a grafía *-aris* en 1236 é inverosímil tanto para un suposto *arenense* latino coma para o seu presunto resultado romance.

A orografía do lugar tampouco obriga a supoñer que o topónimo deba conter necesariamente o substantivo *val*, pois fenómenos fonéticos comúns (disimilación de líquidas)

REAL ACADEMIA GALEGA

farían igualmente verosímil unha etimoloxía relacionada por exemplo con *bara* ou *barra*, termos de probable orixe prerromana, que semanticamente tamén concordarían coa realidade orográfica de Balarés.

En calquera caso, e con independencia da etimoloxía, o Seminario de Onomástica reafirma a consideración de *Balarés* como un topónimo opaco, sen correspondencia evidente co léxico común, e non ve razóns para propoñer á Xunta de Galicia unha modificación da grafía consolidada en documentos oficiais desde hai séculos.

